

Convocatoria 2023- Programa do Diploma do Bacharelato Internacional

O IES DO CASTRO anuncia a **convocatoria de prazas** para realizar o primeiro ano do Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional** nas modalidades de Ciencias Sociais e Humanidades e Científico-Técnica, durante o curso académico 2023-2024.

Poderán optar a estas prazas todos os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- **Ter aprobado en xuño o 4º curso** do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) ou equivalente no estranxeiro.

- **Ter cursado na ESO as materias do Programa do Diploma** nas que se van matricular (ver máis abaixo segundo modalidade e entendendo que sexan materias propias da ESO) e ter conseguido unha nota mínima de 8 en 4º da ESO en todas elas, e unha media na ESO tamén de 8.

A **adxudicación de prazas (*)** terá en conta o anterior requisito e o expediente do alumnado nos catro cursos da ESO.

O **prazo** de solicitude estará aberto a partir do **venres 23 ata o mércores 28 de xuño ás 12:00 horas**. Realízase mediante o documento número 2 ([impreso solicitude](#)) que haberá que encher e escanear ou fotografar, e entregar xunto co resto da documentación que indicamos a continuación:

Para todos os alumnos:

1. Fotocopia/ pdf do DNI ou pasaporte
2. [Impreso de solicitude de praza con indicación de opción](#)

Para alumnado doutros centros:

3.Expediente académico de 1º a 4º ESO

O alumnado que proceda dun sistema de calificación diferente ao utilizado no sistema educativo español deberá achegar, xunto coas calificacións, a táboa de equivalencias das mesmas.

A entrega da documentación será mediante envío electrónico a castroibo@gmail.com, tendo plena validez legal, ou poderá entregarse na Secretaría do IES do Castro.

A **resolución** da convocatoria será comunicada **nos primeiros días de xullo** ós interesados que recibirán por correo electrónico a información sobre a admisión, así como instrucións para a **formalización** da matrícula entre os días **4 e 7 de xullo** en caso de ser admitidos (momento no que deberá acreditar a autenticidade da documentación remitida).

En todo caso, para **ampliar a información**, pódese consultar o [tríptico informativo](#) ou a páxina [da Organización do Bacharelato Internacional](#) para familias.

A **formalización da matrícula** polos admitidos realizarase na Secretaría do IES do Castro entre os días **4 e 7 de xullo**. Para **formalizar a matrícula** requirirase entregar / ter entregada a documentación citada anteriormente.

Tamén terá que proceder a entregar a outra **documentación ordinaria** para o Bacharelato LOMLOE:

- 4 fotos
- Certificación académica do título da ESO

(*). A oferta final de prazas está suxeita ás posibilidades organizativas do Centro en virtude das disposicións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, polo que **o alumnado admitido non deberá renunciar á praza que teña solicitado polo conducto ordinario nin á matrícula**, antes de poder formalizar a matrícula neste Centro.

Asignaturas que cursará no primeiro curso. En azul as obrigatorias do Bacharelato Internacional. Os itinerarios son pechados		
Ciencias e Tecnoloxía	Ciencias Sociais	Humanidades
1. Lengua A: Literatura (Español) (NS) (4h) 2. Lengua B (Inglés) (NS) (4h) 3. Filosofía (NS) + TdC (5h)	1. Lengua A: Literatura (Español) (NS) (3h) 2. Lengua B (Inglés) (NS) (4h) 3. Filosofía (NS) + TdC (5h)	
4. Matemáticas: análisis y enfoques NM (4h)	4. Matemáticas: aplicacións e interpretacións NM (4h) 5. Sistemas Ambientais e Sociedades. (7h)	
5. Física NM (5h) 6. Química NM (4h) 7. Bioloxía NM (5h)/Dibujo Técnico (4h)	6. Sociedad Digital NM (4h)	6. Latín NM (4h)
Outras asignaturas LOMLOE en 1ºBACH Ciencias e Tecnoloxía 1 Lingua Galega e Literatura (3h) 2 Educación Física (2h)	Outras asignaturas LOMLOE en 1ºBACH CCSS e Humanidades 1 Lingua Galega (3h) 2 Ed. Física (2h) 3 Economía /Griego (4h)	
Todo o alumnado ten que realizar as actividades CAS		

Asignaturas que cursará no segundo curso. En azul as obrigatorias do Bacharelato Internacional. Os itinerarios son pechados		
Ciencias e Tecnoloxía	Ciencias Sociais	Humanidades
1. Lengua A: Literatura (Español) (NS) (3h) 2. Lengua B (Inglés) (NS) (4h) 3. Filosofía (NS) + TdC (5h)	1. Lengua A: Literatura (Español) (NS) (5h) 2. Lengua B (Inglés) (NS) (4h) 3. Filosofía (NS) + TdC (5h)	
4. Matemática:análisis y enfoques NM (4h)	4. Matemáticas: aplicacións e interpretacións NM (4h)	
5. Física NM (5h) 6. Química NM (4h) 7. Bioloxía NM (5h)/Dibujo Técnico (4h)	5.Sociedad Digital NM (4h)	5. Latín NM (4h)
Outras asignaturas LOMLOE en 2ºBACH Ciencias e Tecnoloxía 1 Lingua Galega e Literatura (3h) 2 Historia de España (3h)	Outras asignaturas LOMLOE en 2ºBACH CCSS e Humanidades 1 Lingua Galega (3h) 2 Historia de España (3h) 3 Historia do Arte/Xeografía (4h) 4 Economía /Griego (4h)	
Todo o alumnado ten que realizar as actividades CAS		